

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA CATRO DE XULLO DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Paradelas, a catro de xullo de maio de 2018

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as trece horas e quince minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Non asiste, D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ xustificando a súa ausencia.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 10/2018, DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

Visto o orzamento inicial e o Anexo de Inversións para o exercicio 2018, aprobado polo Pleno en sesión ordinaria celebrado en data 30 de novembro de 2017, onde se preveu na partida 453.619 (Actuacións carácter económico. Infraestruturas. Estradas. Inversións reais de reposición infraestruturas e bens destinados uso xeral) un importe de 205.440,68 € correspondentes as obras do Plan Único, dos cales 192.723,88 euros financiábanse coa aportación da Deputación Provincial e os restantes 12.716,80 con recursos propios.

Vista a aprobación do Plan Único de Cooperación cos Concellos para o ano 2018, en base ás propostas realizadas polo Concello, resulta que o importe das inversións correspondentes a partida 453.619 ascenden a 201.012,18 euros, dos cales corresponde aportar á Deputación Provincial 184.322,42 euros e 16.689,76 euros con fondos propios.

Asemade incluíuse dentro do citado Plan a obra “Renovación de beirarrúas na Rúa da Feira e na Rúa Cabaleiros de Santiago” por importe de 38.206,72 euros, dos que 12.716,80 fináncianse con recursos propios e o resto 25.489,92 € coa financiación da Deputación Provincial. Parte desta financiación provincial, en concreto, 17.088,46 euros foron obxecto de xeración crédito (Decreto nº 2018-0126 de 19 de xuño de 2018) e os restantes 8.401,46 € teñen que ser transferidos da partida 453.619, xa que no intre no que se aprobou o orzamento inicial descoñecíanse as obras concretas a incluír no Plan Provincial, prevéndose demáis na partida 453.619 e non prevendo a partida

1532.619 (Servizos públicos básicos. Vivenda e urbanismo. Pavimentación de vías públicas. Inversións reais. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral), partida na que se debe incluír a obra referida.

Mediante a modificación de crédito nº 5/2018 suplementouse a partida 453.619 correspondente a aportación municipal do Plan de Mellora de Camiños 2018-2019.

No orzamento inicial, existen consignación orzamentaria na partida 453.629 por importe de 21.537,56 euros.

O artigo 41.1 b) do Real decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas Locais, en materia de orzamentos establece que non poderán minorarse os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados; polo que en base ao anterior propónse transferir créditos por importe de 8.401,46 € da partida 453.629 para destinalos á partida 1532.619, polos motivos expresados anteriormente.

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 10/2018, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte resume:

Créditos a minorar:

Partida		Descrición	Importe Euros
Grupo Programa	Concepto		
453	619	Actuacións carácter económico. Infraestruturas. Estradas. Inversións reais de reposición infraestruturas e bens destinados uso xeral.	8.401,46

Créditos a incrementar:

Partida		Descrición	Importe Euros
Grupo Programa	Concepto		
1532	619	Servizos públicos básicos. Vivenda e urbanismo. Pavimentación de vías públicas. Inversións reais. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	8.401,46

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Paradela na data da sinatura electrónica á marxe O Alcalde José Manuel Mato Díaz”.

A continuación procédese á votación da proposta que resulta aprobada pola unanimidade dos sete Concelleiros que asisten á sesión, (seis do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo oito o número de feito da Corporación e sendo nove o seu número legal de membros.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 11/2018, DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADA CON REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

En relación co expediente relativo á aprobación de modificación de créditos núm. 11/2018 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, vistos os informes de Secretaría-Intervención emitidos en data 26 de xuño de 2018.

Ao abeiro da Memoria que forma parte do expediente na que se fai constar o seguinte:

Vista a aprobación do Plan Único de Cooperación cos Concellos para o ano 2018, en base ás propostas realizadas polo Concello, inclúise dentro do citado Plan a obra “Renovación de beirarrúas na Rúa da Feira e na Rúa Cabaleiros de Santiago” por importe de 38.206,72 euros, dos cales, 12.716,80 fináncianse con recursos propios e o resto 25.489,92 € coa financiación da Deputación Provincial; e visto que no orzamento inicial, non se contemplou a citada aportación municipal para a citada obra, resulta necesario dotar á mesma.

Vista a resolución de concesión de subvención de dotación de mobiliario do arquivo municipal pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ao abeiro de Orde do 5 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupación de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, por importe de 1.035,78 euros; sendo necesario dotar crédito mediante a aportación municipal de 1.964,22 euros.

Vista a necesidade de proceder ao bacheo de diversos camiños e estradas municipais, resultando insuficiente o orzamento previsto inicialmente por importe de 15.000,00 euros, resulta necesario suplementar o referido importe en 10.000,00 euros.

Visto o proxecto de “Acondicionamento e Rexeneración dos accesos a Riocabo e Rosende” por importe de 50.000,00 euros (incluídos os gastos de redacción de proxecto e dirección de obra), non previsto no orzamento inicial, así como a a memoria valorada do “Acondicionamento do camiño de Santalla a Lombao” por importe de 24.500,00 euros.

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- *Que se aprrobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 11/2018 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 99.181,02 € cuxo detalle é o seguinte:*

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de

Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
1532	619	<i>Servizos públicos básicos. Vivenda e urbanismo. Pavimentación de vías públicas. Inversións reais. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</i>	12.716,80
3322	625	<i>Producción de bens públicos de carácter preferente. Cultura. Arquivos. Inversións nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Mobiliario.</i>	1.964,22
453	210	<i>Actuacións carácter económico. Infraestruturas. Estradas Gastos correntes en bens e servizos. Reparación, mante-mento e conservación de infraestruturas e bens naturais.</i>	10.000,00
454	619	<i>Actuacións carácter económico. Infraestruturas. Camiños. Inversións reais de reposición infraestruturas e bens destinados uso xeral.</i>	74.500,00

Financiación

Concepto	Descrición	Importe Euros
870	<i>Remanente de tesouraría para gastos xerais</i>	99.181,02

SEGUNDO.- *Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.*

TERCEIRO.- *O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.*

Paradela na data da sinatura electrónica á marxe O Alcalde José Manuel Mato Díaz.

A continuación procédese á votación da proposta que resulta aprobada pola unanimidade dos sete Concelleiros que asisten á sesión, (seis do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo oito o número de feito da Corporación e sendo nove o seu número legal de membros.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do catro de xullo de dous mil dezaioito, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

O Alcalde
Asdo.: José Manuel Mato Díaz

O Secretario-Interventor
Asdo.: José López González

Documento asinado electronicamente á marxe